

Don Miguel Piñeiro Souto, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

**CERTIFICO:**

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 29 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“3.- Modificación puntual número 10 do PXOM. Cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominado “Pista deportiva de Gontade e EEI Gontade”. Aprobación inicial. (CIPUM de 23/04/2024)**

*Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade de 23/07/2024, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Molidade de 16/07/2024, contida no expediente 2024/U032/000001, cúa parte expositiva se transcribe:*

**ASUNTO:** Modificación Puntual Nº 10 do PXOM de Carballo. Cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominados «Pista deportiva de Gontade e EEI Gontade». Aprobación Inicial.  
**EXPEDIENTE:** 2024/U032/000001  
**PROMOTOR:** Concello de Carballo  
**REDACTOR:** Alfredo Garrote Pazos (arquitecto municipal)

*O Concello de Carballo está a promover a modificación puntual nº 10 do PXOM co obxectivo de eliminar a cualificación de equipamento duns terreos de titularidade municipal que están cualificados como dotacional de sistema xeral de equipamento deportivo (EQ-D, Pista deportiva de Gontade) e educativo/docente (EQ/E, EEI de Gontade).*

*Estes están situados na parcela coa referencia catastral 001101300NH28B0000GW no lugar de Gontade da parroquia de Ardaña e contan cunha superficie de 3.242 m<sup>2</sup> segundo o PXOM, de 3.865 m<sup>2</sup> segundo o catastro e de 3.682 segundo o IMB.*

*A modificación do planeamento prodúcese pola necesidade de adaptar ou coordinar o tratamento urbanístico dos ditos terreos e instalacións municipais coa súa desafectación como bens demaniais, para poder destinalos a outras actividades de tipo social, en concreto a súa cesión a unha entidade sen ánimo de lucro para implantar un Centro Específico de Educación Especial.*

*A redacción desta modificación foi encomendada ao arquitecto municipal xefe da área de urbanismo deste concello. Una vez elaborada a documentación pertinente, a tramitación iniciouse coa solicitude do 08/04/2024 de inicio da avaliación ambiental estratéxica (A.A.E.) simplificada, acompañada do borrador da modificación puntual e do documento ambiental estratéxico (DAE).*

*Como consecuencia do anterior, emitiuse o informe ambiental estratéxico (I.A.E.), polo director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade o 12/06/2024 (publicado no DOG núm. 123 do 26/06/2024).*

*O I.A.E conclúe que non se prevé que a MP teña efectos ambientais significativos, pero deberá atenderse á determinación que se indica na proposta: «O plan deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia».*

O redactor elaborou o documento de aprobación inicial da modificación puntual no que incluíu a antedita proposta (apartado 6 da memoria xustificativa e un plano de información) e as observación e suxestións manifestadas no período de consultas e no informe de avaliación ambiental estratéxica. Este documento axustase ás normas técnicas de planeamento (NNTTPP) que resultan de aplicación e componse do seguinte:

<b>01.MX</b>		<b>Memoria xustificativa</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_MX_01INF	Parte I. Información
	15019_MP10PXOM_202407_AI_MX_02XUS	Parte II. Xustificación
	15019_MP10PXOM_202407_AI_MX_03.1ANX_P SX_NP	
	15019_MP10PXOM_202407_AI_MX_03.2ANX_SEC	Anexo II. Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.
	15019_MP10PXOM_202407_AI_MX_03.3ANX_SINTE SE NP	
	15019_MP10PXOM_202404_B_MX_03.4ANX_VIXEN CIA	Anexo IV. Ficha de vixencia do planeamento segundo modelo do anexo 7
<b>02.EMR</b>		<b>Estudo do medio rural</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_EMR_NP	
<b>03.AMA P</b>		<b>Análise do modelo de asentamento poboacional</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_AMAP_NP	
<b>05.PINF</b>		<b>Planos de información xeral</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_01SIT	Situación
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_02EX	Estrutura xeral e orgánica do territorio. Vixente
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_03CL	Clasificación do solo e sistemas xerais. Vixente
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_04PBA_01	PBA. Afeccións que clasifican solo rústico de especial protección
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_04PBA_02	PBA. Outras afeccións
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_05USOS	Estado actual. Usos do solo.
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PINF_06ZA	Estado actual. Zonificación acústica.
<b>06.POR D</b>		<b>Planos de ordenación urbanística</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PORD_01EX	Estrutura xeral e orgánica do territorio. Proposta
	15019_MP10PXOM_202407_AI_PORD_02CL	Clasificación do solo e sistemas xerais. Proposta
<b>07.NU</b>		<b>Normas urbanísticas.</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_NU_NP	
<b>08.CAT</b>		<b>Catálogo</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_CAT_NP	
<b>09.EE</b>		<b>Estratexia de actuación, estudo económico, informe de sustentabilidade económica e memoria de viabilidade económica</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_EE_NP	
<b>10.AAE</b>		<b>Documento do procedemento de avaliación ambiental estratéxica</b>
	15019_MP10PXOM_202407_AI_AAE_01DAE	Documento Ambiental Estratéxico
	15019_MP10PXOM_202407_AI_AAE_02ALT	Planos de alternativas
	15019_MP10PXOM_202407_AI_AAE_03IAE	Informe ambiental estratéxico

Os técnicos municipais emitiron informe con data 16/07/2024, no que se detalla a descrición da modificación puntual, a súa xustificación e o axuste ás determinacións ambientais do I.A.E.

*O órgano competente para resolver este asunto é o Pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases do réxime local, que atribúe ao órgano plenario a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.*

*Logo de ver a documentación do expediente e o informe dos técnicos municipais, conforme ao disposto nos artigos 83.5 e 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos concordantes 200.5 e 144 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro), o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (19), acorda:*

**Primeiro.-** *Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 10 do PXOM de Carballo, para o cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominados «Pista deportiva de Gontade» e «EEI Gontade», segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto municipal Alfredo Garrote Pazos.*

**Segundo.-** *Someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo que se achega coa documentación presentada.*

**Terceiro.-** *Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.*

**Cuarto.-** *Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual.*

**Quinto.-** *Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirse coa aprobación definitiva. As áreas corresponden ao ámbito da MP indicado nos planos e resumo executivo."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde